



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local.

Unha vez celebradas as Eleccións Locais do pasado 22 de maio de 2011 faise necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, ó nomeamento dos Tenentes de Alcalde, en exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta Entidade.

Considerando que de conformidade co disposto polos artigos 20.1. b) e 23 da citada Lei, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas no art. 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Réxime Local de Galicia e 41.3, 43.2 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro (en adiante ROF), neste Municipio é obrigatoria a constitución da Xunta de Goberno Local por ter unha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes.

En uso das atribucións que me confire a citada lexislación, por medio da presente,

RESOLVO

PRIMEIRO:- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros:

- **Presidente**:- o Alcalde, **D. Javier Jorge Castiñeira.**
- **Vocais**: - **D. Manuel Pavón López.**
 - **Da. Mercedes Josefina González Alonso.**
 - **Da. María Teresa López Rego.**
 - **D. Pedro José Fernández Manín.**

SEGUNDO:-As sesións da Comisión Municipal de Goberno celebraranse na Alcaldía desta Casa Consistorial cada 15 días, os XOVES, ás 20 horas, comezando o xoves 14 de xullo.

TERCEIRO:-Facultar ao señor Alcalde-Presidente para alteralas sesións da Xunta de Goberno Local que coincidan con Semana Santa e Nadal ou como consecuencia dos períodos estivais, cando con elo non se menoscabe a xestión dos asuntos municipais, así como para pospoñer ou avanzala celebración das sesións ordinarias do citado órgano, dentro da mesma semana da súa celebración, cando o día fixado para ela coincida en festivo.

CUARTO:- Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias atribuídas polo artigo 21 ao Alcalde que se delegan:

- Outorgamento de licenzas de obra maior.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Informe de expedientes licenzas de obra en solo rústico.
- Informe de licenzas de actividade clasificada.
- Recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas de compromisos de gastos de mais de 6.000 euros legalmente adquiridos.
- Resolución dos expedientes de concesión de subvencións.

QUINTO:- Notificar persoalmente a presente resolución aos desinados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa e aos Xefes dos diferentes Servicios Municipais, para o seu coñecemento e efectos.

SEXTO:- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo art. 46 do ROF e igualmente publicala no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da firma da resolución polo Alcalde.

SÉPTIMO:- Dar conta ó Pleno desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ó previsto polo artigo 38 do ROF.

En Foz, a 5 de xullo de 2011.

O Alcalde,

Dou fe,
A Secretaria,

Asdo.: Javier Jorge Castiñeira

Asdo.: M^a del Carmen Seoane Bouzas.